



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------|----------|
| | | | 2024/25 | |
| Asignatura (*) | Traballo fin de mestrado (TFM) | Código | 652512208 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativa | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | |
| Profesorado | | Correo electrónico | | |
| Web | http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=table&id_titulacion=600 | | | |
| Descrición xeral | <p>O Traballo de Fin de Máster é unha materia obrigatoria do Plan de Estudos, de 6 créditos e supoón a realización por parte do alumnado dun proxecto, memoria o estudo, no que aplique e desenvolva os coñecementos adquiridos no Máster. O Traballo deberá estar orientado á aplicación das competencias asociadas á titulación.</p> <p>Para poder presentar o TFM o estudante deberá ter aprobado o 60% dos créditos, entre eles incluíránse os de carácter obrigatorio.</p> <p>O TFM consistirá nun proxecto innovador, persoal e original sobre temáticas relacionadas co programa do Máster. O alumnado presentarálo ante un tribunal do Máster e deberá ir avaliado obrigatoriedade por o/a tutor/a do traballo.</p> | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|---|
| A1 | Ser capaz de identificar os diferentes fundamentos teóricos e metodolóxicos dun proxecto de educación democrática e crítica, facendo especial énfase nos dereitos humanos e a igualdade de xénero, desenvolvendo culturas da mediación e da paz. |
| A2 | Utilizar modelos colaborativos de acción socioeducativa que promovan verdadeiras comunidades de aprendizaxe, favorecendo o traballo en contornos multiprofesionais |
| A3 | Elaborar plans estratéxicos a nivel directivo e operativo para asegurar o incremento da calidade nas organizacións ou institucións educativas. |
| A4 | Identificar os principios, modelos de excelencia e normas de xestión da calidade, aplicar os seus procedementos e redactar cartas de servizos. |
| A5 | Deseñar, analizar, seleccionar e aplicar técnicas e instrumentos de recollida e análise da información para desenvolver procesos de avaliación de programas, servizos, estratexias e recursos de intervención socioeducativa en diversos contextos. |
| A6 | Desenvolver proxectos educativos de centro e/ou propostas pedagóxicas innovadoras baseadas na xustiza, a democracia e a diversidade. |
| A7 | Ser capaz de establecer estratexias de liderado e empoderamento dos distintos axentes sociais que favorezan un clima institucional óptimo. |
| A8 | Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar e/ou socioeducativa. |
| A9 | Capacidade para desenvolver procedementos e metodoloxías que potencien a interdependencia e unha comunicación fluída entre diferentes axentes educativos e culturais tanto a nivel interno como co social máis amplo. |
| A10 | Ser capaz de impulsar e desenvolver estratexias que impulsen a cultura de traballo en rede. |
| A11 | Capacidade para fomentar e liderar a creatividade e innovación nas entidades e institucións promovendo proxectos orientados ao cambio de culturas profesionais. |
| A12 | Ser capaz de detectar necesidades de formación continua e da súa institucionalización como requisito asociado á mellora educativa. |
| A13 | Ser capaz de detectar axentes locais e as súas políticas culturais e educativas activas así como as súas prácticas máis innovadoras. |
| A14 | Adquirir destrezas para o diagnóstico de perfís competenciais idóneos dos equipos directivos, ofrecendo respostas axustadas a esa realidade. |
| B1 | Capacidade de análise e síntese |



| | |
|-----|---|
| B3 | Habilidades para localizar e analizar información de fontes diversas |
| B4 | Aprender a aprender |
| B7 | Capacidade para elaborar e defender un discurso ante diferentes audiencias |
| B10 | Traballo autónomo |
| B12 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B13 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B14 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B15 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B16 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo. |
| C1 | Comunicar as conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades |
| C2 | Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coas súas áreas de estudo. |
| C6 | Capacidade de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos, valorando criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|--|---|--------------------------------------|------------|
| | AP | BM | CM |
| Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo | AP1 AP3 AP4 AP5 AP7 AP8 AP9 AP11 AP12 AP13 AP14 | BM12 BM13 BM14 BM15 BM16 | CM2 CM6 |
| Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia | AP2 AP6 AP10 | BM1 BM3 BM4 BM7 BM10 | CM1 |

Contidos

| Temas | Subtemas |
|-------|----------|
|-------|----------|



| | |
|--|--|
| <p>Procedemento para a elección de temas:</p> <p>1-O profesorado presentará unha proposta de temas ou liñas para o TFM. Esas liñas serán publicadas na páxina web do mestrado</p> <p>2-Ao comezo das clases o alumnado/a terá ese listado de temas ou liñas</p> <p>3-Durante o primeiro mes de clases o alumnado/a, coa lista de temas, porase en contacto co profesor/a para acordar a dirección do TFM (lembrar que un profesor/a non pode dirixir máis de dous TFM).</p> <p>4-o alumnado/a deberá elaborar unha proposta de proxecto. Esta proposta debe presentarse nos prazos que faga pública a Comisión Académica e dirixirse ao Coordinador do Mestrado. Unha vez aprobado pola Comisión Académica publicarase unha lista cos alumnos/as, o/a titor/a e o título do Proxecto aprobado.</p> <p>5-A comisión académica aprobará as datas tanto de preinscrición dos TFM, como tribunais dos TFM. Dita información aparecerá no taboleiro do mestrado, páxina web e a través do correo electrónico ao profesorado director dos TFM.</p> | <p>O Traballo Fin de Mestrado consistirá na realización por parte do alumnado dun traballo de cuxo obxectivo final é demostrar a suficiencia académica para a obtención do título de Mestrado. Esta materia está deseñada como estudo de profundización nalgún tema concreto dos tratados ao longo do Mestrado.</p> <p>O estudante deberá utilizar para isto o conxunto de habilidades, destrezas e actitudes adquiridas ao longo das ensinanzas, valorándose o progreso e resultado da aprendizaxe dos aspectos igualmente importantes: dun lado, a orientación científica referida aos contidos e, doutro, a aprendizaxe das técnicas de investigación procura de información, selección de lecturas, sistema de fichas, citas a pé de páxina, etc.). Asimismo valorarase a defensa pública ante un Tribunal cualificado composto por Doctores.</p> <p>Nesta exposición pública, o alumno demostra as súas capacidades na expresión oral, na argumentación e capacidade de resposta ás cuestións plantexadas polo tribunal avaliador así como das competencias específicas sinaladas no seu apartado correspondente.</p> <p>Cada alumno terá un titor que dirixirá o proceso e o asesorará no seu desenvolvemento.</p> <p>O traballo de fin de mestrado computará 6 créditos ECTS, que corresponderán, en exclusiva, ao traballo personal do alumno.</p> |
|--|--|

| Planificación | | | | |
|--|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 B1 B3 B4 B10 | 0 | 137 | 137 |
| Presentación oral | A14 B7 B12 B13 B14 B15 B16 C1 C2 C6 | 1 | 9 | 10 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | Segundo a temática acordada co seu titor/a. |



| | |
|-------------------|--|
| Presentación oral | <p>SOLICITUDE DE DEFENSA:</p> <p>Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFM, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, 4 exemplares, así coma o impreso de solicitude de defensa</p> <p>DEFENSA:</p> <p>Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo.</p> <p>Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debatir co alumno/a.</p> <p>O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para exposición.</p> <p>Traballos tutelados O alumnado realizara o TFM baixo a supervisión e guía da súa dirección académica.</p> <p>A dirección será responsable de expoñerlle ao estudiantado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento. Realizará un seguimento da elaboración do TFM e velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Unha vez finalizada a elaboración autorizar a presentación e defensa do TFM.</p> |
|-------------------|--|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temáticas e dirección académica, o alumnado terá que poñerse en contacto coa súa dirección académica. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|--|--|---------------|
| Presentación oral | A14 B7 B12 B13 B14 B15 B16 C1 C2 C6 | Avaliación global emitida polo tribunal sobre a adquisición de competencias reflectidas na presentación e defensa oral do TFG | 30 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 B1 B3 B4 B10 | Avaliación global emitida polo tribunal sobre a adquisición de competencias reflectidas no traballo tutelado (contido e formato), unha vez obtido o visto e prace da dirección académica do mesmo para a súa presentación e defensa. | 70 |

Observacións avaliación



A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse o seu correspondente cualificación cualitativa:

? 0 ? 4,9: Suspenso (SS).

? 5,0 ? 6,9: Aprobado (AP).

? 7,0 ? 8,9: Notable (NT).

? 9,0 ? 10: Sobresaliente (SB).

A Comisión Avaliadora cumprimentara a correspondente Acta de Cualificación. O/A Presidente/a fará pública e a remitirá ao Coordinador do Mestrado.

Cada Comisión Avaliadora poderá propoñer en acta separada a concesión motivada da mención de "Matrícula de Honra" a Traballos de Fin de Mestrado que foran avaliados y cunha cualificación igual ou superior a 9. A Comisión Académica do Mestrado, a vista dos informes, decidirá sobre a asignación destas mencións e o Coordinador de Mestrado elevará un Acta Complementaria do acordo á Secretaría do Centro. O número destas mencións non poderá exceder do cinco por cento dos alumnos matriculados na correspondente materia TFM, salvo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, en cuxo caso poderá conceder unha soa "Matrícula de Honra"; sempre de acordo á normativa da UDC.

No caso de non realizar a presentación e defensa oral do Traballo Fin de Grao, tendo o informe favorable da dirección académica, a cualificación recibida será a de NON PRESENTADO

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Caicedo, Claudia (2016). ¿Cómo elaborar un trabajo final de máster?. Barcelona : Editorial UOC - Cunha Fanego, Iria da (2016). El trabajo de fin de grado y de máster : redacción, defensa y publicación. Barcelona : Universitat Oberta de Catalunya - Durán Martínez, Ramiro;Gómez Gonçalves, Alejandro; Sánchez Sánchez, Miguel Elias (2017). Guía didáctica para la elaboración de un trabajo académico. Salamanca: Iberoprinter - Muñoz-Alonso López, Gemma (2012). Estructura, metodología y escritura del trabajo de fin de máster. Madrid : Escolar y Mayo <p>Bibliografía relacionada coa temática elixida polo estudante (consultar bibliografía das diferentes materias do mestrado).</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías